

CURSO TELEFORMACIÓN MIXTA FORMACIÓN DE TITORAS XERENCIAIS EN COOPERATIVAS

[En colaboración co Concello de Santiago de Compostela]

DATAS REALIZACIÓN	Do 27 de febreiro ao 6 de marzo de 2023	DURACIÓN	20 horas
LUGAR CELEBRACIÓN:	Modalidade en liña con sesións presenciais http://www.aulaespazocoop.com As sesións presenciais serán os días 28 de febreiro e 3 de marzo en Santiago de Compostela no Cersia Empresa Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

OBJECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo e as súas características básicas e diferenciadoras a persoas con formación en xestión empresarial.
- Sentar as bases dunha axeitada función xerencial nas cooperativas. Amosar dende a práctica as condicións necesarias para a xestión deste modelo.
- Contribuír a que se coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Dar a coñecer os recursos e ferramentas ao dispor das persoas socias e dos equipos técnicos das cooperativas.
- Cubrir as necesidades formativas de persoas candidatas a bolseiras, para unha estadía en prácticas na área xerencial dunha cooperativa.

PROGRAMA E CONTIDOS

Módulo1.- Formación Cooperativa Básica

Módulo 2.- A área comercial e de mercado e a área económico-financeira

Módulo 3.- A planificación estratéxica. Ferramentas para o plan de mellora

Módulo 4.- Habilidades Sociais e Organización Societaria en cooperativas

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amáis de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

Realizaranse varias sesións de traballo síncronas: dúas presenciais e unha virtual coas que reforzar a relación e traballo colaborativo :

- **28/02/2023** .- Sesión presencial en Santiago de Compostela en horario de **10:00 a 13:00hs**. Presentación do programa, divulgación cooperativa e experiencia dunha persoa que participou como bolseira en edicións anteriores do programa.
- **02/03/2023**.- sesión virtual a través da plataforma www.aulaespazocoop.com . En horario de **11:00 a 12:30hs** Planeamento económico -financeira e diagnose sectorial.
- **03/03/2023**.- Sesión presencial en Santiago de Compostela en horario de **9:30 a 14:30hs**. Habilidades para o traballo en cooperativa e organización societaria.

O curso estará dispoñible na plataforma de teleformación entre o 27 de febreiro e o 6 de marzo para a visualización dos contidos e a realización das tarefas. A participación nas sesións de traballo síncrono é obrigatoria.

DIRIXIDO A

Persoas mozas, menores de 30 anos con formación relacionada coa área empresarial. As persoas participantes no proceso de selección de persoas bolseiras para a realización de titorías xerenciais en cooperativas galegas.